

Tema ABAU - Tema 6


As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade

Riscos e problemas ambientais. (Tema 4 do libro)

► Repercusións ambientais da acción humana:


- Contaminación.
- Cambio climático.
- Pegada ecolóxica.

¡Ayúdame a recuperarme!



Prácticos ABAU - Tema 6

- Análise de cliseries: Pireneos e Teide. (Tema 3 do libro)
- Comentario dunha imaxe de paisaxe natural: atlántica mediterránea, de montaña. (Tema 3 e 4 do libro)



Conceptos ABAU - Tema 6

TEMA 3 do libro: Diversidade bioxeográfica.

(tema clima)

- Vexetación clímax, páx.92
- Vexetación antrópica, páx.92
- Maquis, páx.96
- Laurisilva, páx.98
- Landa, páx.94

TEMA 4 do libro: Riscos e problemas ambientais.

- Paisaxe, páx.115
- Efecto invernadoiro, páx.129

TEMA 12 do libro: España no mundo.

- Movementsos antoglobalización, páx.460
- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, páx.458



*ABAU:

- **Análise de cliseries: Pireneos e Teide**

Tema 3 do libro: Páx. 97-98 e 110-111 + material Internet



Cliserie do Pireneo

-  Neves perpetuas
-  Prados alpinos
-  Piñeiro negro
-  Abeto e faia
-  Piñeiro silvestre
-  Carballo
-  Aciñeira


- Guión do comentario:

a) Define o concepto de **cliserie** e indica a que **sistema montañoso** corresponde a que debes a comentar.


b) Explica a que se debe a **variación de formacións vexetais en función da altura e da orientación**.

c) Comenta os distintos “pisos” de formacións vexetais que se aprecian, indicando os límites de altitude que ocupa cada un e as formacións vexetais asentadas nos diferentes pisos...

d) Acompaña o teu comentario dalgunha **imaxe**.



Cliserie canaria, páx. 98




<http://noespazoenotempo.webnode.es/tema-4-diversidade-bioxeografica/practicos/>

<http://mayores25.umh.es/doc/Temas/Geograf%C3%ADa%20PAU25%20Unidad%205.pdf>

<http://www.slideshare.net/Castanys/las-regiones-biogeograficas-de-spaa-tema-6-de-geografa-2-bach>

http://contenidos.educarex.es/sama/2010/csociales_geografia_historia/geografia/temas/vegetacion.html

<http://geografia-humboldt.blogspot.com.es/2012/01/la-vegetacion-espanola.html>



CONSERVAR EL SUELO Y
EL AGUA = ASEGURAR
NUESTRO FUTURO COMÚN


***ABAU:**

- **Comentario dunha paisaxe natural: atlántica, mediterránea ou de montaña.**

Facer cadro comparativo paisaxes vexetais páxina 112, acompañada de imaxes.

Vexetación clímax

Vexetación que se estableceu por sí mesma nun determinado lugar, en determinadas condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas, en ausencia de accións antrópicas por un longo tempo, é dicir, é o estado de equilibrio dun ecosistema local. A vexetación clímax da España húmida, por exemplo, inclúe os bosques caducifolios de carballo e faia, en combinación coa matogueira de landa atlántica.



Vexetación antrópica

Vexetación introducida polo home nun espazo determinado da biosfera polo seu valor económico ou pola degradación da cuberta vexetal existente. Cando a vexetación dunha zona é o resultado da intervención humana, denomínase vexetación secundaria. Un exemplo sería a repoboación de piñeiros e eucaliptos na paisaxe vexetal de clima oceánico.



As plantacións de piñeiros e eucalipto para papel ocupan, segundo os datos do sector, 430.000 hectáreas, é dicir, o 2,4% da superficie total dos bosques españois, que supoñen algo máis de 18 millóns de hectáreas.

Maquis (maquia)

É unha formación arbustiva que pode alcanzar os dous metros de altura, moi densa e impenetrable, que soe refuxiarse en solos silíceos. Forma parte da matogueira mediterránea e ten a súa orixe na degradación do bosque mediterráneo perennifolio polo ser humano. Está composta, entre outras especies, por xaras, breixos, o lentisco e a xesta.




Landa

Formación arbustiva leñosa e densa, que aparece nas zonas de clima oceánico de solos pobres. Este vexetación de matogueira pode ter unha baixa altura ou alcanzar os catro metros. Constitúe unha degradación do bosque caducifolio ao ser sometido a sobreexplotación ou incendios, tamén aparece como vexetación supraforestal entre os 1600 e 2000 metros. As especies máis comúns son o toxo, a xesta e o breixo. Adoita usarse como cama para os animais e como abono.



Breixo



Toxo

Laurisilva

Tipo de bosque temperado que se localiza nalgunhas illas dos arquipiélagos atlánticos das Azores, Madeira e Canarias, de clima húmido e subtropical. É moi esixente en humidade, e prefire as vertentes norte das illas montañosas (entre os 800 e 1200 metros de altitude) onde se forman, debido aos ventos alisios, frecuentes néboas. O bosque está formado por especies diversas de árbores (que non soen perder a folla durante todo o ano ao non existiren grandes contrastes estacionais), arbustos e lianas que poden superar os 20 metros de altura e dan aspecto de selva tropical. As árbores máis abundantes son a faia e o loureiro de Canarias.





O Parque Nacional de Garajoney ocupa o 10% da illa de Gomera e posúe unha das mellores mostras do bosque húmido de laurisilva, de variadas especies de folla perenne que no Terciario ocupaba case toda Europa.

Paisaxe

Calquera parte do territorio, tal como é percibida pola vista da poboación (extensión de terreo que se pode ver desde un lugar ou sitio). Resulta da conxunción de elementos de distinta natureza, como os factores naturais (relevo, clima, augas, vexetación, solos...) ou humanos (edificaci3ns, aproveitamento dos recursos...) e das súas interrelaci3ns, que lle dan unidade a un espazo determinado. Así, fálase de paisaxe natural, paisaxe humanizada, paisaxe rural, paisaxe urbana, paisaxe industrial, paisaxe cultural...

As paisaxes culturais conservan elementos do modo de vida e das crenzas de sociedades pasadas, polo que presentan un gran valor histórico e patrimonial.



Efecto invernadero

É unha función natural da atmosfera, realizada polo vapor de auga e gases como o dióxido de carbono e o metano. Estes gases actúan como o cristal dun invernadero: deixan pasar a radiación solar, pero reteñen parte da calor irradiada pola superficie terrestre, evitando que escape ao espazo exterior e logrando que a temperatura media do planeta se manteña entre os 14°-15°C (de non ser por ese efecto sería de -18°C, polo que non sería posible a vida).

Nas últimas décadas, a actividade humana supuxo un aumento das emisións de gases con efecto invernadero (GEI) procedentes da queima de combustibles fósiles, os transportes, as emisións de certas industrias, os incendios, a deforestación...que fan que a cantidade de calor retida sexa maior, o que favorece o quecemento global e un grave cambio climático.



Movimientos antiglobalización

Corrente de protesta mundial que inclúe a dúzias de grupos de diferentes países que teñen en común o seu rexeitamento do capitalismo e do modelo neoliberal (baseado nunha política macroeconómica que pretende reducir ao mínimo a intervención estatal en materia económica e social). Nestes movementos danse cita colectivos que inclúen sindicatos, intelectuais de esquerda, ecoloxistas, indixenistas, grupos desfavorecidos que acusan ao sistema económico de amoral e inxusto... Estes grupos levan máis dunha década traballando en cuestións relacionadas cos problemas causados pola globalización da economía mundial, ao deixar ao marxe a participación da sociedade, beneficiando só a uns poucos, e a custa da perda de identidade cultural e dun enorme deterioro do medio ambiente.



Estes grupos organizaron numerosas campañas para a condonación da débeda externa dos países pobres e a reforma de institucións como o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional.



Objetivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS)

No ano 2015, a ONU aprobou a Axenda de Desenvolvemento Sustentable para o ano 2030. Son 17 obxectivos propostos como continuación dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM, 2000-2015) que pretenden transformar o mundo e crear unha vida sustentable para as xeracións futuras, incluíndo desde a eliminación da pobreza ata a loita contra o cambio climático, a educación, a igualdade da muller, a desigualdade económica, a innovación, o consumo sustentable, a paz e a xustiza...

